

**Expediente núm.:** 113/2021

**Procedemento:** Selección de Persoal Laboral Temporal.

**Asunto:** Selección de un traballador/a como Técnico de Turismo

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA CONTRATACIÓN DE UN/UNHA TÉCNICO/A DE TURISMO.

Á vista da Acta do Tribunal de selección para contratación dun Técnico de Turismo en base á subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Turismo de Galicia, ata o 30 de setembro de 2021.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, esta Alcaldía

### ACORDA

**PRIMEIRO.** Aprobar a relación de candidatos baremados, segundo consta na Acta do Tribunal que se transcribe na súa literalidade:

“En Viana do Bolo, a 18 de agosto de 2021, sendo as 13:30 horas, reúnese o tribunal de selección, conformado pola Presidenta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Sara Feijoo Primo, como Vogais, D. Francisco José Estévez García e Roberto Fernández Docal e como secretaria, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez, para proceder á valoración dos méritos para a selección dun Técnico de Turismo, como persoal laboral temporal, en base á subvención concedida ao efecto pola “Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Turismo de Galicia, segundo a Resolución do 10 de xuño de 2021, para a contratación dunha persoa como persoal laboral do Concello para a Oficina de turismo durante os meses de xullo, agosto e setembro”, durante o período comprendido dende a data de contratación ata o día 30 de setembro de 2021.

Procédese á valoración dos méritos das candidatas remitidas pola Oficina de Emprego de Viana do Bolo, segundo se relaciona:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Experiencia</u>	<u>Formación</u>	<u>Puntuación Final</u>
PAULA ÁLVAREZ GONZÁLEZ	34...312V	0	0	0
TANIA MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ	34...555F	0	25	25
MARTA MARÍA ARIAS JIMÉNEZ	76...564X	0	0	0

O Tribunal propón como persoa para a contratación como Técnica de Turismo a D<sup>a</sup> Tania Martínez Domínguez, como persoal laboral temporal polo período comprendido entre o día de contratación e ata o 30 de setembro de 2021.

O acordo foi tomado pola unanimidade dos membros do tribunal absténdose en todo caso a Secretaria que conta con voz pero sen voto.”

**SEGUNDO.** Aprobar a contratación de **D<sup>a</sup> Tania Martínez Domínguez** como Técnica de Turismo.



**TERCEIRO.** Notificar a presente resolución á candidata seleccionada, comunicándolle que deberá formalizar o contrato de traballo, con data 20/08/2021, debendo acreditar ante esta entidade local as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria (Anexo II). Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**CUARTO.** Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO.** Formalizado o contrato, comunicarlo á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

**SÉXTO.** Informar á representación legal dos traballadores.

**SÉTIMO.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención e Tesouraría ós efectos oportunos.

**OITAVO.** Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Viana do Bolo, a 19 de agosto de 2021  
O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso  
Perante mín: A Secretaria interina  
Manuela J. Conde Fernández

